



O Camiño Mozárabe

CAMINO MOZÁRABE

BOLETÍN INFORMATIVO Nº 17

JUNIO 2016

"Non podo máis"

Ganadora del VII concurso de fotografía de la Semana Cultural Vía Plata Camino Mozárabe



Consejo editorial

Junta directiva de la Asociación de Amigos de la Vía de la Plata – Camiño Mozárabe

Año 8. Número 17

Publicación semestral

Coordinador

José Antonio Quintas Vázquez

Aux coordinación

Aser Óscar Sánchez Ruido

José Emilio Rodríguez González

José Luis Rodríguez Cid

José María Lamelo Sánchez

Manuel Fernández Debén

Fotografía

Archivo CEO y Vía Plata – Camiño Mozárabe

Aportaciones de colaboradores

Maquetación

Jaime Armesto Conde

Edición y redacción

Bárbara Canedo Gutiérrez

Edita

Asociación de Amigos Vía Plata – Camiño Mozárabe

Praza das Damas, 1. 32005 Ourense

Tfno. 988 39 11 10 – Fax. 988 39 19 57

Página web: www.viaprataourense.ceo.es

Correo electrónico: viaprataourense@ceo.es

Depósito legal

OU 116-2007

SUMARIO

- O Camiño de Santiago ao seu paso por Vedra
www.concellovedera.com

Pág. 3

- Da abadía de Finchale á catedral de Durham. Unha proposta de recuperación da peregrinación polo Camiño Inglés... en Inglaterra Francisco Singul

Pág. 5

- Vide de Baños, una parroquia jacobea
Miguel Angel González García

Pág. 9

- El Camino Mozárabe (VIII)
Eligio Rivas Quintas, C.M.

Pág. 11

- Ay, señor... burros calvinistas en el Camino
José Antonio de la Riera

Pág. 15

- A fin do mundo cadra ao oeste
Manuel F. Rodríguez

Pág. 16

- XXV aniversario de Tardes de Primavera na Vía da Prata – Encontro coral das culturas no Camiño Mozárabe
Alfredo Abeledo Penas

Pág. 20

- El Camino de Santiago por León, pueblos del camino

Pág. 22

- Charlas a escolares para difundir el Camino

Pág. 23

Ficha de inscripción en la Asociación

D. Dña. con D.N.I. nº

Calle N° Piso

Localidad Provincia

CP Teléfono Correo electrónico

Desea pertenecer a la Asociación de Amigos de la Vía de la Plata - Camiño Mozárabe de Ourense, mediante el abono de una cuota de 30 € anuales a través de domiciliación en banco o caja

Oficina de N° de cuenta.....

Ourense, a ____ de ____ de 20____

Firma del interesado

O Camiño de Santiago ao seu paso por Vedra

Todo aquel que se achegue ata o Concello de Vedra debe saber que polas súas terras discorre unha das vías de peregrinación que conducen a Compostela, a coñecida como **Camiño Real ou Vía da Prata**. Esta última etiqueta, hoxe en día a máis estendida, provén da idea de que este camiño é a prolongación da calzada romana denominada Vía da Prata, que comunicaba Mérida e Astorga cruzando de sur a norte o oeste peninsular, e que, trala desaparición da estrutura administrativa romana, foi aproveitada como vía de peregrinación a Compostela.

Este camiño fai a súa entrada en terras de Vedra pola Ponte Ulla.


Un elemento de interese que nos dá a benvida ao poñer o pé neste concello é a ermida do Gundián. Emprázase nun incomparable marco poboado de árbores e con dúas fontes. **A ermida do Gundián foi construída no S.XVIII**. O más destacable desta capela é a fachada con pórtico sostido por catro columnas de pedra, as grandes fiestras enreixadas, unha a cada lado da porta e os tres vans con arco.

Dende este punto divísanse a antiga ponte do camiño de ferro e a nova do AVE, ás que podemos achegarnos. A ponte antiga está elevada 90 metros, dende o seu miradoiro posibilita amplas vistas da conca do río Ulla. Dende aquí tamén observamos o transcorrer do río polo estreito da Cova. O **Paso da Cova**, xorde cando a ladeira sur do Pico Sacro, que conta cun filón de cuarzo de catro quilómetros, córtase para deixar paso ao río Ulla, quedando ao outro lado do monte Castro. Fórmase así un enclave único e singular, un magnífico estreitamento do río de catro metros de ancho entre dúas paredes duns cincuenta metros de caída vertical durante un percorrido de catorce metros, e ten a particularidade de ser o único terreo ao sur do río Ulla que pertence á provincia da Coruña. Contan as lendas que algunha vez houbo aquí unha gran lagoa que ocupaba terras río arriba. Relata a historia que había escondido entre as rochas próximas ao actual Paso da Cova un mosteiro de templarios do século XIV (do que non se conserva ningún vestixio). Engade a tradición que **os monxes deste mosteiro de San Xoán da Cova perforaron o monte para secar a lagoa**, dando orixe a este estreito paso.

Ao seu carón atópase a nova ponte do AVE, que

mide de alto 41 metros máis que a antiga.

Continuamos o camiño e entramos no pobo da Ponte Ulla, a través da ponte vella, obra do arquitecto compostelán Tomás del Río, construída na segunda metade do século XVIII. Podemos visitar a igrexa parroquial que conserva elementos románicos, como a ábsida semicircular ou os canzorros do exterior. No lateral sur está a capela con bóveda estrelada de cinco claves, probablemente do século XVI. Foi fundada ou reedificada por Odario, bispo de Lugo no S.VIII. Consérvase unha cruz de principios do XVI, de prata dourada e acibeche, que pertenceu ao mosteiro de San Xoán da Cova. Existen uns frescos que representan a Anunciación, no arco central que datan do século XVI.



A vía condúcenos á estrema de Ponte Ulla con Santa Cruz. É aconsellable facer un alto no camiño para visitar o **Pazo de Santa Cruz de Ribadulla ou de Ortigueira**, declarado Ben de Interese Cultural. No seu interior encóntrase o xardín renacentista de referencia en Galicia, onde destaca a camelia.

Dende aquí a Vía da Prata atravesa varios lugares ata chegar á aldea de Outeiro, na veciña parroquia de Vilanova. Ao pé do camiño atópase a capela do Santiaguiño que data do século XVIII. A ermida é de planta rectangular e nela destaca a fachada sinxela, así como o campanario de arco de medio punto peraltado e con dúas campás: unha no van e outra adosada no exterior.

Xunto a ela hai unha fonte barroca que sobresae polo seu valor lendario, e que foi trasladada alí no ano 1724 dende un lugar máis alto. Ten unha inscrición que fala do traslado do corpo do apóstolo Santiago e un relevo que representa parte da lenda do Dragón, relacionada coas sagas da Raíña Lupa. No centro da fonte pode verse unha representación do apóstolo, flanqueado polos seus discípulos Teodoro

e Atanasio. Segundo algúns autores **estas dúas figuras procederían do antigo coro románico da Catedral de Santiago, obra do Mestre Mateo.**


A poucos metros da ermida e da fonte, atopamos o último albergue de peregrinos antes de chegar a Santiago de Compostela.

O camiño continúa saíndo do territorio de Vedra, pasando polo fondo do Coto da Cruz e chega ao cruceiro de Castrelo, xa en Lestedo (Boqueixón). Neste cruceiro oriéntasenos con senllas inscricións "Vereda da Ulla" (na cara norte) e "Vereda de Sarandón" (cara oeste).

A ruta segue deixando o Pico Sacro á dereita.

Dende aquí o camiño continúa pola Susana, xa dentro do Concello de Santiago, e por Santa Lucía, Angrois e Sar. **A entrada da Vía da Prata na cidade faise pola porta de Mazarelos**, na que hai unha alusión a esta terra da Ulla, nunha inscrición que fala da chegada a través dela dos viños da Ulla.

www.concellovededra.com



Da abadía de Finchale á catedral de Durham. Unha proposta de recuperación da peregrinación polo Camiño Inglés... en Inglaterra

O sábado 11 de xuño de 2016 tivo lugar unha peregrinación entre a abadía beneditina de Finchale e a catedral de Durham, no norte de Inglaterra, coa que se intenta recuperar a peregrinación xacobea en terras británicas. Neste caso vinculando o importante conxunto monástico de Finchale –dende hai séculos unhas ruínas románticas- e **unha das máis importantes catedrais inglesas, como é a de Durham**, coa rede de rutas que comunicaban cos portos do sur, en especial Londres, Porsmouth e Plymouth, dende os que partían na baixa Idade Media os barcos con peregrinos con destino ao porto de A Coruña e outros peirao dos portos galegos.

É ben sabido que durante os séculos XIV e XV desenvolvéronse con gran éxito as peregrinacións xacobeas marítimas dende as Illas Británicas, e tamén dende o Báltico e boa parte da faciana atlántica europea. Os camiños do mar, sendo incómodos e perigosos, pois **en xeral a xente do común e os nobres señores non tiñan costume a viaxar en barco**, foron moi empregados durante o longo período bélico entre os reinos de Francia e Inglaterra denominado a Guerra dos Cen Anos (1337-1453). Nos tempos de guerra aberta entre os dous exércitos, a devastación de campos e aldeas, o cerco a cidades e os períodos de treguas, nos que bandas armadas de mercenarios e soldados ociosos saqueaban camiños, terras e aldeas, comprendían un marco perigoso para os peregrinos do século XIV e primeira metade do XV, sobre todo os ingleses, que non tiñan garantías para cruzar o reino de Francia, e en particular as terras de Normandía, Bretaña e Aquitania, as más afectadas pola guerra.

Por iso preferiron embarcar en naves especialmente fretadas para o transporte de peregrinos, que cruzaban o Canal da Mancha e o Golfo de Bizkaia con destino a Galicia, atracando sobre todo no porto coruñés, cidade de reguengo fundada por Alfonso IX de León a principios do século XIII. A seguridade das infraestruturas portuarias e defensivas coruñesas –a máis célebre o faro coñecido como Torre de Hércules-, xunto coa relativa veciñanza

da cidade de Santiago, animaron aos armadores e capitáns ingleses a trazar o seu rumbo dende os portos de saída cara A Coruña. Acontecía que **no século XV a maior afluencia de naves inglesas coincidía coa celebración dos xubileus composteláns**, aos que acudían os peregrinos na procura das xenerosas indulxencias outorgadas pola Igrexa de Santiago no nome do Apóstolo, e que os armadores ingleses contaban con outro estímulo comercial para fretar as naves de peregrinos, pois na viaxe de volta a Inglaterra cargaban barrís de viño do Ribeiro con destino aos mercados ingleses, en especial ao de Londres. As diversas fases da guerra con Francia, que en boa medida afectaba ao ducado de Aquitania, facían imposible o comercio dos viños de Gascuña, o que abriu a posibilidade para os ingleses de comerciar co reino de Castela, mercando viños galegos que complementaban o negocio do transporte de peregrinos, moi cuantioso nos anos santos.



Para o coñecemento destas peregrinacións marítimas na baixa Idade Media hai algúns diarios escritos no século XV por peregrinos, pero sobre todo temos os arquivos da Coroa Inglesa, que atesouran numerosos documentos sobre os permisos que os peregrinos e armadores tiñan que solicitar ao rei para poder embarcar rumbo a Galicia. Sábese con bastante precisión as condicións da Coroa para dar tales permisos, destacando que levaran consigo unha determinada cantidade de diñeiro para a súa manutención, evitando así unha onerosa exportación de capitais. Algúns peregrinos tamén portaban ofrendas ao Apóstolo, exvotos de peregrinación que lle doaban á catedral compostelá buscando a intermediación de Santiago o Maior. O máis espectacular dos exvotos ingleses medievais é o chamado retabulio que o párroco John Goodyear, procedente de Chale, na Illa de Wight (costa sur de Inglaterra), doa a Santiago no ano santo 1456. O peregrino oferente encargouno a un taller da cidade de Nottingham, no centro de Inglaterra, para que en cinco escenas os artistas sintetizasen a Vida de Santiago, cos episodios da Vocación de Santiago e san Xoán no Mar de Galilea, a Misión dos apóstolos, a Predicación de Santiago en Hispania, o martirio de Santiago en Xerusalén e por último a translación do seu corpo en barco dende Jaffa (Palestina) ata porto de Iria Flavia.

Os intensos vínculos das Illas Británicas en xeral, e de Inglaterra en particular, co culto xacobeo e as peregrinacións a Santiago de Compostela son intensas nos séculos baixomedievais, pero a súa orixe é más antiga. **En 1147 chegou a Compostela en peregrinación un grupo de guerreiros cruzados que viaxaban a Terra Santa.** A escuadra que transportaba este continxente de soldados flamengos, alemáns e ingleses atracou nun porto galego que podería ser Noia, non se ten certeza do dato, e dende alí os peregrinos foron camiñando ata a tumba do Apóstolo. Antes de seguir ata Xerusalén os mesmos cruzados fixeron unha segunda parada en Portugal, para axudar ao rei Afonso Henríquez na conquista de Lisboa. Pero anos antes de que estes cabaleiros entraran piadosamente na basílica románica de Santiago, xa moi avanzada na súa construcción, a Compostela foi como peregrino san Godric (1065-1170). Antes de dedicarse a unha dilatada e fecunda vida de piedade en Finchale, Godric foi vendedor ambulante, mariño, comerciante e incluso


pirata, segundo o seu biógrafo Reginald, un monxe de Durham que recolleu a súa vida e milagres¹. Nas súas viaxes polo Mediterráneo, a principios do século XII aproveitou para visitar piadosamente dúas veces o reino latino de Xerusalén e a cidade de Roma, facendo tamén a peregrinación a Santiago de Compostela como lembra Constance Mary Storrs² no seu libro *Jacobean Pilgrims from England to St. James of Compostela*.

Unha vez retornado a Inglaterra, na illa de Lindisfarne, célebre polo seu mosteiro altomedieval, tivo unha revelación de san Cuthbert que lle impulsou a buscar un cambio radical de vida. Desexoso da súa rexeneración interior, Godric solicitoulle a Ranulf Flambard, bispo de Durham, a concesión dun lugar onde poder levar unha existencia apartada e eremítica. O prelado outorgoulle un terreo en Finchale, na beira do río Weir, onde Godric viviu anos de recollemento e meditación, acollido na capela de San Xoán Bautista que existía preto do seu humilde refuxio. **Co tempo acadou fama de home venerable e foi recibindo a visita de xentes piadosas** na procura de consello ou información, no caso dos peregrinos que desexaban ir a Santiago³.

1 *Libellus de vita et miraculis Sancti Godrici* (ed. J. Stevenson), London, Surtees Society, 1847

2 C.M. STORRS, *Jacobean Pilgrims from England to St. James of Compostela. From the early twelfth to the late fifteenth century*, Santiago, Xunta de Galicia, 1999, pp. 55-56

3 X. IGLESIAS VILLAVERDE, “San Godric”, in M. F. Rodríguez (dir.), *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago. Diccionario de la Cultura Jacobea*, 9, Santiago, 2010, pp. 52-53



A peregrinación que partiu de Finchale o pasado día 11 de xuño iniciou o seu percorrido no lugar no que habitou san Godric boa parte do século XII, parece que entre 1110 e 1170, onde no século XIII fora construído un monumental mosteiro beneditino, lamentablemente arruinado despois da disolución das ordes monásticas en tempos de Henrique VIII, o fundador da Igrexa Anglicana. Os peregrinos puideron evocar a inmensa nave do templo monástico e o seu dilatado cruceiro, pisaron o amplio presbiterio baixo o que posiblemente áinda se atopen as reliquias de san Godric, e pasearon polos restos do claustro, entrando tamén en dependencias do conxunto abacial que áinda quedan abovedadas.

Despois tomaron camiño de Durham, a través dunha paisaxe rural tipicamente inglesa, con grandes prados no que pastaban as ovellas, e fermosos treitos de camiño flanqueado por frondosos árbores, ata chegar á medieval Durham, elevada sobre un promontorio estrateticamente rodeado por un meandro do río Weir. Hoxe en día a cidade, con algo menos de cen mil habitantes, é un **importante centro de servizos e conta cunha prestixiosa universidade**. Tras un vertiginoso ascenso por un camiño urbano e moi arborado, que leva ata a acrópole da cidade, a peregrinación chega á catedral, unha das más notables da Inglaterra medieval, cuxa capela maior acubilla o sepulcro de san Cuthbert de Lindisfarne, monxe e bispo anglosaxón do século VII. Na opinión do gran historiador da arte Kenneth John Conant, a catedral románica de Durham case non ten comparanza, pola súa proporcionada e monumental arquitectura, polo seu privilexiado emprazamento e ambiciosa concepción e realización¹.

¹ K.J. CONANT, *Arquitectura carolingia y románica*, 800-1200, Madrid, Cátedra, 1991, pp. 498-501

Despois da conquista de Inglaterra en 1066 por William, duque de Normandía, coroado como rei en Londres o día de Nadal do mesmo ano, a arquitectura normanda importada do continente comeza o seu espectacular desenvolvemento na illa coa construcción de catedrais como a de Gloucester, Peterborough, Ely e Durham. **Esta última, ligada como dicimos á peregrinación xacobea en terras inglesas, levantouse ao tempo que a catedral de Santiago.** A construcción da compostelá céntrase entre 1075 e 1211; un período dilatado pola complexidade das obras, as diversas campañas construtivas e a execución do Pórtico da Gloria e a fachada occidental coas súas torres a partir de 1168 ata máis aló de 1200. A fábrica da catedral de Durham gozou dun axeitado período de estabilidade para a súa elevación, sendo un verdadeiro símbolo do prestixio normando no norte de Inglaterra, polo que pudo ser construída entre os anos 1093 e 1133, coa particularidade de que dende o principio pensouse nunha igrexa totalmente abovedada. En época gótica levantouse unha gran torre-cimborrio no cruceiro e renovouse a cabeceira, desapareceron as tres ábsidas románicas para deixar lugar a unha grandiosa arquitectura gótica coñecida como a Capela dos Nove Altares. Pero a pesar destas renovacións baixomedievais, consérvase perfectamente a catedral románica, co seu grandioso presbiterio, o cruceiro e as tres naves maiores. As bóvedas de crucería demostraron que en pleno século XII xa era posible e práctico cubrir grandes espazos de gran altura e potente iluminación. Unha das características desta catedral é precisamente os seus grandes vanos, os tres pisos en altura da nave maior, que ofrecen iluminación profusa, e por suposto o sistema de soportes, cunha alternancia de piares compostos e grosos piares cilíndricos, adornados con diagonais, liñas en zigzag ou cuadrículas.





Aínda unha sorpresa máis: cara 1175 levantouse adosada á fachada occidental a denominada *Galilea*¹, un nobre espazo de tres naves evocador de Xerusalén, lugar que garda o sepulcro de Beda o Venerable (672-735), monxe beneditino da abadía de Saint Peter en Monkwearmouth (hoxe Sunderland, no norte de Inglaterra) e autor, en verso e prosa, da "Vida de san Cuthbert", versións que datan de 716 e 721 respectivamente; Beda escribiu tamén a "Vida dos Abades de Wearmouth e Jarrow" pouco antes de 716². Pero ademais destes textos de interese local, o Venerable deixou testemuño escrito sobre a idea de que a evanxelización de Hispania foi obra de Santiago o Maior, reforzando a mensaxe do *Breviarum Apostolorum* sobre o reparto apostólico do mundo para evanxelizalo. Estas ideas foron adoptadas polo Venerable nas súas homilías e nunha peza de carácter ascético, admitindo que:

"Pedro recibiu Roma; Andrés o Peloponeso septentrional; Santiago Hispania; Tomás as Indias; Xoán Asia; Mateo Macedonia; Felipe as Galias; Bartolomé Asia Menor e Simón Exipto"³.

Este texto de Beda de finais do século VII ou principios do VIII amósase orixinal sobre o lugar onde se supoña que estaba enterrado o corpo do apóstolo un século antes do seu descubrimento.

O Venerable é o primeiro que deixa constancia escrita sobre o enterramento de

Santiago en Hispania. Afirmación que aparece nunha homilia sobre san Xoán Evanxelista e no seu Martiroloxo, os dous datados cara finais do século VII ou inicios do VIII. Na Homilia 92 sobre san Xoán Evanxelista, Beda admite que o seu irmán Santiago o Maior fora levado a Hispania despois do seu martirio en Xerusalén⁴. O Martiroloxo de Beda completa a información aclarando que o sepulcro de Santiago, despois dun segundo traslado na península, atopábase agochado nos seus confíns occidentais:

"Os sagrados restos mortais deste benaventurado apóstolo foron trasladados de lugar en Hispania e escondidos nos seus derradeiros límites, a saber, fronte ao mar Británico"⁵.

O texto parécenos impresionante a pesar da súa imprecisión, pois cen anos antes do achado da tumba de Santiago no monte Libredón, Beda o Venerable xa a localiza en terras hispánicas, nun lugar próximo ao mar de Occidente; é dicir, non lonxe daquela costa atlántica peninsular más familiar aos ingleses. Coa memoria do monxe Beda na catedral de Durham queda reforzado **o interese xacobeo neste camiño de peregrinación desde a abadía de Finchale**, un percorrido que forma parte da densa rede de Camiños de Santiago que vertebran Europa desde a tradición, a historia, a cultura e a espiritualidade.

Francisco Singul

Xacobeo

1 K.J. CONANT, *Arquitectura carolingia y románica...*, op. cit., 1991, p. 495

2 As súas versións en; véxase D.H. FARMER (ed.), *The Age of Bede*, Londres, Penguin, 1998, pp. 16 e 28

3 J.P. MIGNE, *Patrología Latina*, t. 9, col. 545; M. de MENACA, "Dos problemas diferentes sobre Santiago en España, su predicación y su sepultura", *Actas del Congreso de Estudios Jacobeos (Santiago, noviembre 1993)*, Santiago, Xunta de Galicia, 1995, p. 212

4 *Iste est frater beati Jacobi cuius in Hispania corpus requiescit*; es decir, "Éste (san Juan) es el hermano del bienaventurado Santiago cuyo cuerpo descansa en Hispania": J.P. MIGNE, *Patrología Latina*, t. 94, col. 494; M. de MENACA, "Dos problemas...", op. cit., 1995, p. 213

5 J.P. MIGNE, *Patrología Latina*, t. 94, col. 926-927, 930; M. de MENACA, "Dos problemas...", op. cit., 1995, p. 213

Vide de Baños, una parroquia jacobea

Unos sencillos apuntes para valorar la iconografía jacobea de esta parroquia, en la que se hace presente a Santiago sin ser el titular de la misma, ya que es San Juan Bautista quien tiene esos honores y reclama culto. Hay que pensar en la devoción particular de algún vecino o cura como promotor de esta presencia.

Dejamos en esta ocasión al margen, porque merece una mirada especial, el Santuario de Nuestra Señora de los Milagros, que también pertenece a esta parroquia.

Santiago en la parroquia

Vide tiene una iglesia barroca con espadaña a los pies, sin especiales exquisitezcs arquitectónicas pero digna. En el retablo mayor de un avanzado siglo XVIII **las hornacinas extremas del cuerpo principal las ocupan los apóstoles Pedro y Santiago**. Santiago está representado con todos los emblemas del peregrino: sombrero, esclavina, bordón, los pies descalzos y un libro sostenido con elegancia con la mano izquierda. Túnica larga azul adornada con grandes flores

doradas, esclavina del mismo color con las emblemáticas vieiras y un manto rojo. No se trata de una talla vulgar, sino que denota un maestro buen conocedor de la técnica, quizá alguno de los que trabajó para el cercano santuario de los Milagros. La delicadeza de las manos y la personalidad de la cara barbada llaman la atención. Es obra barroca del siglo XVIII, que hay que estimar en el rico patrimonio jacobeo auriense.

En una de las ventanas, hay una vidriera, firmada por los talleres La Belga de Vigo, tan activos en la mitad del siglo XX, con la representación de Santiago caballero, que no matamoros, porque aunque va montado en el caballo blanco y lleva espada y escudo, no tiene enemigos vencidos a los pies y se toca con el sombrero de peregrino. Como fondo hay una silueta de la Catedral de Santiago. Por ello **es curiosa y no habitual esta iconografía de nuestro Apóstol batallador y peregrino**. Dentro de las vidrieras de La Belga, que quizá repitió industrialmente el modelo, es agradable y bien realizada.



La capilla de Santiago de Miamán

Miamán es uno de los lugares de la parroquia de Vide, perteneciente al ayuntamiento de Baños de Molgas. Tiene Miamán una capilla que los vecinos cuidan con esmero, y está dedicada al Apóstol Santiago. Es una sencilla construcción rural con ciertas pretensiones; en la fachada lleva la fecha de 1794, que corresponde a su construcción que coloca pináculos en los extremos y eleva una espadaña de tres huecos de diseño tradicional. Es posible que existiera otra anterior. Tampoco sabemos los orígenes de la dedicación jacobea que en el caso de capillas suele tener un promotor particular.

La capilla conserva **dos tallas del Apóstol de arte popular, ninguna felizmente restaurada** pero aun así la que representa a Santiago batallador en este caso con un moro a sus pies que lleva un escudo con la media luna y una mano amputada, es graciosa ya que se representa al caballo alzado sobre sus patas traseras sosteniendo al Apóstol con espada pero indumentaria de peregrino, llena la vestimenta de pliegues que subrayan el barroquismo del conjunto y señalan un artista popular pero con ciertos conocimientos de composición escultórica. Es talla clara del siglo XVIII.

La otra imagen es posterior del siglo XIX y representa un Santiago de pie, como peregrino, con túnica larga hasta los pies, con esclavina, sombrero, bordón y libro. Concebido con la **frontalidad hierática de quien no sabe salirse de lo elemental**. El repinte la desmejora más.

En resumen, un conjunto interesante de 4 representaciones jacobeas que nos aseguran ser Santiago realmente un santo cercano y querido en nuestro mundo rural.

Miguel Angel González García



El Camino Mozárabe (VIII)

Quedamos en nuestro virtual peregrinar por el Camino Mozárabe en Campo Becerros, ojo abierto al mundo en medio de la Sierra; Fray Benito Jerónimo Feijoo y Montenegro, hablando de Samos en situación parecida, aunque no tan a desmano del universo mundo, dice que "sólo es vista de las estrellas cuando la logran verticales".

Salimos de Campos por la pista, hoy asfaltada, contra corriente del Río Camba, aunque de él algo alejados; antes el camino bajaba hasta muy cerca de su orilla derecha, sin tener que subir por los derrames de la montaña atravesando Lombo do Marco y A Ladeira. Por la otra orilla del Río, el terreno va ascendiendo en amplia terraza antes cultivada, y **laderas de grandes encañadas con antiguos colmenares aquí y allá**, de alto muro de pizarra rodeado, salvaguarda del oso, otrora tan copioso y hoy desaparecido como el reclamo de su goloso apetito.

Bajando casi a nivel del río tenemos Porto Camba; salimos con el túnel que entró en Campo Becerros y, cortando el *Porto*, enseguida enhebra en otro que no ve la luz hasta Ceredel. A la salida del anterior, y precisamente por su culpa desaparecida, estaba la Fonte da Pingarella, da Prequiza o da Comenencia, **así llamada porque no había que agacharse para beber**, que se bebía de pie, abriendo la boca *a la catalana*.

Curiosa conformación tectónica que a punto estuvo, antes de ser puerto y paso del tránsito humano, de ser cañón que al río llevara de frente a unirse allá abajo al Támega en ingente y prolongada fervenza. Viene el Río Camba

precipitado para ahondar en el Regueiro das Codias hacia el Támega en Matamá, pero no encontrando la necesaria falla -por cierto de bien poca distancia-, obligado se vio de cambiar de rumbo, dando el más curioso recorrido. Torciendo en ángulo agudo hacia el Este, y trazando enorme arco que rodea todo el Sistema Central, se revuelve hacia Poniente para juntarse con el Río Navea que, más afortunado, naciendo a pocos cientos de metros de Camba y del propio Río Camba en Sierra San Mamede, no ha de recorrer la décima parte, **para ambos ir al Río Sil, y al fin al Miño, a morir en el Atlántico como el Támega con el Duero**.

Es curioso este Porto entre montaña y montaña, en el que precisamente por razón del camino, se situó este viejo poblado de Porto Camba, rigurosamente viario, dechado y muestra de aldea de alta montaña. Aquí está San Miguel de Portocamba, que pertenece, igual que Campos, al Concello de Castrelo do Val; la Vrea dos Gañás o Camiño de Castilla, antiguo Camino Real, atraviesa el vetusto Porto Camba con sus casas de pizarra a un lado y otro sin solución de continuidad, asomando la piramidal espadaña de la iglesia por detrás.

María Alonso, nacida aquí, cuyo abuelo había sido maestro de Porto Camba, que vivía en Toro en 1992 con sus 110 años, recordaba que "pasaban viandantes y segadores camino de Castilla, que volvían negros como cuervos y enflaquecidos"; recordaba que en las barandas colgaban monederos que hacían a ganchillo para que se los comprasen, y aún tarareaba las cántigas que a su paso les dedicaban.



Saliendo de Porto Camba a unos 300 metros nos topamos ya con el límite de Laza. Aquí se levanta alta cruz de madera, *humilladoiro* e hito en bifurcación de caminos, que abriendo los brazos, **el derecho señala el camino de la Sierra, el izquierdo nuestro Camino Mozárabe**. El de la derecha aparece en el Mapa de Fontán por el año 1840, como deriva del Camino Real, que subiendo a San Mamede, llegando a la ermita del Santo, torcía en ángulo recto hacia el norte, bajando a Monterrano y la Ribeira Sacra de los monasterios. Era por el que venían aquellos aspirantes, estudiantes del Cister y San Benito, al Colegio de Artes de Monterrano y Santo Estevo de Ribas de Sil, hasta que la malhadada exclaustración y desamortización los cerró, convirtiéndolos en yermo.

Aquí, al pie de la cruz, el enorme *toxal*, impenetrable de A Mourisca, fue otrora centro serrano de transacción ganadera, de magna feria anual cada 24 de diciembre; la que mantenía el necesario equilibrio económico y social en el agreste apartamiento de la extensa montaña. En torno, los pueblos de la serranía: Camba, Porto Camba, Toro, Ceredelo, As Eiras e Trez, Fontefría de Pena Nofre, Campos, Veiga de Nostre... Feria importante de ganados, se celebró por última vez en el año 1940.

Seguimos nuestro camino por pista de tierra; la antigua seguía a nivel por la cúspide de O Lombeiro, bajando por Pica do Rocín **con vistas al castillo de Monterrey y extenso valle de Verín**. La pista va por la derecha, siempre bajando de los 1000 metros a los 460 de Laza.

La ladera derecha del camino se precipita a la hondonada en imponente, descomunal caída. Allá, a la derecha, en la montaña destacan las casitas de Ceredelo, hoy reanimadas por la concurrencia en las obras del AVE. Sobre el pueblo se yergue enorme peñasco, tajado. Aquí se apareció la Virgen; es la patrona de Ceredelo, a la que alguno de aquellos *xograis* que hacia Andalucía bajaban con las mesnadas de Fernando el Santo, como Pero Amigo, pudo dirigir tal cántiga como:

Miña Virxe da Pena Tallada,
alá irei eu de non ser vingada;
hei de levar peniña senlleira,
hei de levar se non hai quen me queira.

La Virgen sigue allí incombustible, presidiendo toda la hondonada y pueblos que ampara, y a la que veneran:

Altiña que se foi pór,
Virxe de Pena Tallada;
por moito querer que quixeron
non foron quen de baixala.
Ai, miña xoia,
has de beilar e beilar que beilache,
has de beilar e beilar que beilei,
na Pena Tallada,
con quen non o sei,
que a nosa Santiña
hame dar o seu ben.





Seguimos bajando, soñando despiertos con la vida de otros tiempos en estos montes y con aquellos lejanos peregrinos que antes fueron. Por entre castaños nos acercamos al lugar de As Eiras, casi deshabitado, con su capillita de la Virgen, fuente y cobertizo de descanso. Nos quedan 6 kilómetros de bajada entre pinares para llegar a **Laza, villa ancestral de rancio abolengo, cobijo y reserva de antiguas tradiciones**, en cuyo ambiente todavía flota y aletea algo de la inmortal empresa del descubrimiento de América. Un "valparaíso", el inicial donde el recién Támega se demora, cantado por Gabriel Téllez, Tirso de Molina, en la Gallega Marí-Hernández:

Y el de Laza que ya,
a esotro lado,
ameno se avecina.

A este valle ameno y apacible hemos llegado, después de la larga e inhóspita aunque solemne, larga sierra, y bueno será aprovechar

la estancia y el respiro para saber de su pasado. Un valle del que sólo el Río Támega supo buscar salida con trazado laberíntico, Laza es primitivo hidrónimo como Laz (c. río, Fr.), varios ríos Lez y r. Lèze (Fr.), r. Leza en Portugal y Logroño, r. Lezo (Guip.), r. Lezuza (Albania), etc. Era el nombre del río, pero sustituido en nivel posterior por Támega (cf. Támara / Tambre, Támesis...), el nombre se ancló en el poblado que a la vera del río surgía. Hay otra muy pequeña Laza, una casona, al otro lado de la Sierra de San Mamede, junto al Río Mao.

Buena señal y prueba de antigüedad es la **pervivencia de ancestrales costumbres como los cigarrós del entroido de Laza**, el más auténtico del Noroeste, con sus *carantoñas* de animal totémico. La representación de Adán y Eva con el sacrificio de Abrahán y su hijo Isaac, verdadero auto sacramental en escenario natural en la fiesta de las Cruces de Mayo. Con la lucha de Moros y Cristianos que aquí pervive y en el entorno: Santiago de Trez, Retorta, Fontefría de Pena Nofre.

La presencia de los romanos está bien atestiguada, que la sitiaron en la parte alta, en Cima de Vila. La presencia de señores feudales es patente por la Picota y el monte Lombo da Forca y Os Condes, que **Miñano en su Diccionario Geográfico la llama Laza del Conde, referido al Conde de Monterrey**. Aquí tuvo señorío el Marqués de Tenebrón y Conde de Moztezuma, cuya fue la que es hoy casa rectoral, y cuyo el escudo que verse puede sobre el arco de la iglesia parroquial del siglo XVI.

De *villa* la trata don Pedro González de Ulloa en 1777 (Descripción de los Estados de la Casa de Monterrey), con sus típicas "Casas Villegas" de pequeño añaño patio recatado, reflejo de ambientes coloniales. Tenía entonces unos cien vecinos, de los que dice ser "no muy hacendados, pero muy astutos porque aprenden la Germanía con tantos pasajeros que por allí transitan, por ser vereda muy frecuentada de todas las partes occidentales del Reino para Castilla. Fuerá lugar de mucho comercio y consumo si hubiese personas dedicadas."

"Es curato de presentación del Conde de Moztezuma, Marqués de Tenebrón, que pone también su juez con muy reducida jurisdicción

sobre muy pocos vecinos. El Duque (Conde de Monterrey), mi Señor, pone Corregidor, escribanos de número y ministros con jurisdicción sobre la mayor parte de los vecinos, comprendiendo también las parroquias de Castro, Campo de Becerros y la sobredicha de Retorta. Y todas concurren a la audiencia de Laza, en donde reside el Corregidor. **No hay en esta población casa distinguida sino la que habita el cura y esta es del dicho señor Marqués de Tenebrón".**

Está claro y patente, bien probado, lo frecuentada que estaba nuestra Vrea de Castilla y Vrea de Santiago (Camino Mozárabe) en el siglo XVIII, "*por tantos pasajeros que por allí transitan... de todas las partes occidentales del Reino (de Galicia) para Castilla*", como lo recordamos en 1993 (Camino Meridional de Santiago, p.112-113, Xunta de Galicia) porque también aquí se unían los procedentes de Verín y Chaves. A pesar de esto y todo lo demás argüido y entonces presentado, hubimos hasta ayer, más de veinte años después, volver a presentar testimonios; ¡incluso con acta notarial!

Elvio Rivas Quintas, C.M.



Ay, señor... burros calvinistas en el Camino

Jean Jacques Danalet acomodó su modesto carromato de 1,23 de ancho por 2 metros de alto, liberó a sus dos burros -que se pusieron de inmediato a pastar alegremente- y finalmente echó un vistazo optimista y vital a su alrededor. Estaba en la Xunqueira de Redondela y el día había sido igual de duro que los otros que se habían sucedido desde que, **seis meses antes, había partido de Ginebra con los dos asnos concienzudamente uncidos al carromato.** Había recorrido todo el Camino Francés y, una vez llegado a Santiago, había decidido continuar con su peculiar rebaño hasta Fátima y Faro (en el extremo sur de Portugal) recorriendo el Camino Portugués al revés. Así pues, luego de establecer su campamento, el suizo estiraba su corpachón dispuesto a atender a un periodista de Faro de Vigo, que había acudido al reclamo de tan singular personaje.

Ciertamente, con sus barbazas, sombrero de cazador de ballenas y polo azul marino, Jean Jacques parecía un personaje de Tintín. El despelete se inició cuando afrontó al despistado periodista. Y es que Jean Jacques pertenece a esa categoría de seres humanos que, poseídos de un espíritu iconoclasta, libre y con un no sé qué de cachondón, **se han lanzado en todo tiempo y lugar a los caminos del mundo epatando al personal con todo esmero, particularmente a los periodistas de la prensa local.** Me apresuro a decir que la historia de Jean Jacques es, como poco, desternillante. Resulta que, harto del aburrimiento de su Ginebra natal, él y otros colegas de su intransferible estirpe (los hay en todas las ciudades del mundo) decidieron crear una particularísima sociedad, "Los Amigos de Modestine", precisamente para aliviar las aburridas veladas bajo las noches calvinistas, sosas y meapilas de su patria suiza ¿Y a qué se dedican tan ilustres ciudadanos? Pues a contarse historias y anécdotas, son contadores de cuentos. Y entre ellos destaca con luz propia nuestro Jean Jacques.

Cansados todos ellos de banqueros, de chocolate y de relojes de cuco, proponen y ejecutan con todo rigor las iniciativas más disparatadas, sólo por el placer de poder contárselas después entre ellos. Nuestro héroe propuso lanzarse a los caminos de la península ibérica con un carromato y dos asnos para, a la vuelta, **publicar un libro con todas las anécdotas vividas, pero contadas, eso sí, por los propios burros.** Así que dicho y hecho y por aquí tuvimos al Jean Jacques metido en su particular campaña cuentista y acompañado por su indescriptible brigada de "burros Scherezade". Al estupefacto periodista le contaba además, mirándolo de hito en hito, que al anochecer confesaba a los burros, apuntando luego con todo

rigor las opiniones de los animalitos. ¡Ay Camino de Santiago, eres una continua fuente de gloria! Bueno, el joven tribulete no daba crédito a lo que estaba oyendo, un color se le iba y otro se le venía pensando que el suizo se estaba quedando con él. Yo sin embargo tengo mis dudas, que no me dio tiempo a trasladar a Jean Jacques.

Y son dudas muy razonadas y razonables.

Y es que sus burros son burros "Molierescos", de rigurosa expresión gabacha, buenos animales de tiro pero.... ¿cómo, voto a bríos, se van a enterar de lo que pasa en Galicia o en Portugal si por la Celtia no habla gabacho ni la gente de Carrefour? Así que se me ha ocurrido una idea: es menester **uncir al carro del suizo un burro gallego para que colabore con sus colegas, a ser posible un burro "retranqueiro", que cuente bien las historias** y que sea de pura raza autóctona, de los llamados "fariñeiro". Claro que también me asalta una duda: ¿y si al burro gallego le da por ejercer de tal "in stricto sensu"? Sería la mayor de las maldiciones, tendríamos espectáculos penosos, con el Jean Jacques dándose a todos los diablos. Me imagino la siguiente conversación, por ejemplo, en el puente de Ponte de Lima:

- (Burros gabachos): ¿Desea vuesa merced, señor fariñeiro, cruzar por ventura este puente?
- (Burro gallego): ¿Y vosotros?
- (Burros gabachos): Nosotros sí
- (Burro gallego, asido a la escalera cabe el puente): ¿Y por qué?

Tendrían lugar eternas digresiones, cortesías, filosofías y "rendevús" asnales, que no llevarían a ninguna parte, salvo a la desesperación del Jean Jacques. Pero merece la pena correr el riesgo. "Los Amigos de Modestine" y el Camino de Santiago se lo merecen. **Gracias Jean Jacques, con gente como tú siempre tendremos Camino.**

José Antonio de la Riera



A fin do mundo cadría ao oeste

"Aproveitando a forte pendente natural existente daquela cara ao oeste, o mestre Mateo quixo representar no Pórtico da Gloria da catedral de Santiago a fin do mundo". Son palabras do profesor da Universidade de California, John Dagenais. O prestixioso medievalista e hispanista norteamericano fixo esta afirmación o pasado 30 de outubro na presentación en Santiago do **proxecto de reconstrucción virtual da basílica románica compostelá** (séculos XI-XIII), iniciado en 2002 e no que colabora a propia catedral, como colaborou tempo atrás a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, da Xunta de Galicia.

A rotunda afirmación de Dagenais ante as autoridades catedralicias e outros destacados representantes académicos e políticos complementouna no mesmo acto o ex-arqueólogo da basílica compostelá Xosé Suárez Otero. Indicou que o proxecto de reconstrucción permitía *visualizar* a afirmación de Dagenais, evidenciando unha interpretación en sentido ascensional do Pórtico da Gloria, reforzada polas escaleiras que a súa elevación requiriou para salvar esa acusada pendente ao oeste do terreo orixinal. Sería, segundo deron a entender ambos expertos, a resposta a unha necesidade estrutural, más tamén a unha necesidade de interpretación simbólica do espazo.

Incidamos nos argumentos.

O pórtico construíuse sobre a cripta ou catedral vella, un recinto abovedado no que sobresaen,

no alto, dúas claves. Representan, unha o sol e outra a lúa. Xa que logo, esta parte inferior do conxunto tense **interpretado como a da vida terreal, que o cristián, tras a morte, salva simbolicamente ascendendo ata o propio pórtico**. Xa neste, na súa estrutura inferior buscarían saída as almas confundidas e pecadoras, mentres que as puras, coa intercesión de Santiago o Maior no parteluz, lograrían ascender ante Xesús. Un Xesús que no tímpano, centro do conxunto escultórico, as recibe e salva de xeito definitivo mediante a súa paixón, morte e resurrección, que alí queda patente.

É por isto polo que a meirande parte dos estudiosos interpreta o pórtico como unha representación do xuízo final, outros, os menos, como López Ferreiro a finais do século XIX, teñen visto nel a representación menos tremenda da bíblica *porta do ceo*. En ambos os casos, estamos ante a mensaxe escatolóxica da fin dos tempos e o inicio da vida eterna. E resulta ser aquí onde o pórtico, volvendo a Dagenais, adquire todo o seu significado en conexión co Camiño de Santiago e a súa meta relixiosa -a catedral compostelá- e simbólico-espiritual -o cabo Fisterra, a fin do mundo propiamente dita no imaxinario medieval, e polo tanto, o punto onde por rematar a terra había de comezar o ceo, a ancestral morada das almas-.

Esta era a conexión: a fin da ruta á fin da terra como vía alegórica -ou más que alegórica- á fin dos tempos.



Entendendo o anterior, parece claro que non hai que irse a superficiais interpretacións esotéricas para asumir tal conexión. Nin hai que poñer en dúbida a visión cristiá do Camiño de Santiago que leva ao *finis terrae*, dúbida que algún sector da igrexa ten manifestado.

É suficiente con ir á historia para advertir un sentido profundo da ruta xacobea máis alá da basílica compostelá que non nega a visión cristiá da mesma. Ao contrario, entendo que a enriquece e a reforza e a fai más comprensible, sen deixar o misterio, sen opoñerse a **que cada un perciba nese remoto límite occidental o que o seu espírito lle dite, séxase ou non católico.**

Imos concretar isto de forma sucinta.

Ir de oriente a occidente

Comezamos advertindo da etimoloxía deste *occidente* no que estamos e cara o que leva a meta compostelá á meirande parte dos seus peregrinos, este *occidente final* no que nos situaban no medievo. Vén este termo do latín e significa ‘poñerse’, ‘caer’, perecer’. E neste extremo occidental poñíase, caía, morría cada día o sol definitivamente para os antigos, xa que máis alá comezaba o descoñecido reino das tebras. Este enigmático punto final tiña que excitar por forza a imaxinación e o espírito dos nosos remotos antepasados. *Oriente*, pola contra, significa ‘hacer’, ‘xurdir’.

Fagamos, xa que logo, esa viaxe do nacemento á morte, de oriente a occidente. É a metáfora da nosa existencia.

Ante a imposibilidade de incluír aquí as diversas fontes prechristiás que aluden á fin do mundo nesa dobre conexión material-espiritual en ruta ao extremo occidental europeo, mostramos unha que entendemos que as resume ben. Cítala o primeiro gran estudososo galego do *finis terrae*, Fernando Alonso Romero. Trátase dunha inscrición exipcia do ano 2.400 a.C. conservada no museo do Louvre, en París. Lese nela o seguinte:

“Camiñade polas fermosas rutas de occidente por onde van os protexidos á morada do Gran Deus”.

Enlaza Alonso esta inscrición coas propostas que sitúan na oriental Mesopotamia, berce da nosa primeira raíz cultural, a crenza da natureza aérea das almas para poder elevarse ao eterno reino dos astros. É unha crenza que, a través dunha visión idealizada dos propios astros e do regueiro que estes forman na Vía Láctea estendéndose en apariencia cara a occidente, asumiron gregos e romanos. O mesmo autor recorda que os pitagóricos sostiñan que **as almas ascendían ao ceo a través dos raios de sol**, crenza que, reinterpretada, por suposto, incorporará o cristianismo.

A consecuencia do anterior, achégana os historiadores galegos Andrés Pena e Alfredo Erias. Indican que a gran atracción da Galicia antiga para os pobos europeos estaba na súa condición de ser *a fin da terra* por excelencia, “o lugar onde morría o Sol e a antiga Xeografía Sagrada situaba a porta do Paraíso”.



Os mesmos autores recordan que **as praias do noso finis terrae atlántico denominábanse na Idade Media “areas Paradisi”**, por crerse que nelas “embarcaban as ánimas dos europeos cara a illa marabillosa dos Ben Aventurados”. Á súa vez, a ilusoria existencia desta illa feliz de eterna vida -evidente conexión co paraíso cristian- era unha das crenzas pagás más arraigadas entre os pobos atlánticos europeos, con connotacións tamén en Grecia e Roma.

Non imos entrar aquí nas conexións que isto podería ter, por exemplo, co moi ourensán río Limia, o río citado polos romanos como o do esquecemento.

O cristianismo fai a mesma viaxe

O cristianismo medieval asumiou con naturalidade o sentido simbólico de tales crenzas. Están dalgún xeito no *Novo Testamento*, na luz estelar de Xesús, na súa ascensión aos ceos, na petición aos seus discípulos para que levasen a nova testemuña aos confins do mundo. Neste contexto, o teólogo alemán Hugo de San Víctor afirma rotundo no século XII, o do apoxeo da viaxe a Santiago, que a vida é un camiño desde o paraíso terreal, en oriente, ata o inicio da vida eterna, no límite oeste.

É tamén neste contexto como o *Códice Calixtino*, o gran texto xacobeo medieval (s. XII), confirma sen complexos ao apóstolo Santiago como “a testemuña de Cristo” cara a fin do mundo e, por isto, como o guiador das almas que ata ese extremo chegan na celestial busca. Así o resume a historiadora galega Ofelia Rey:

“A idea de que Santiago é o acompañante

das almas puras ao ir ao Paraíso seguindo a Vía Láctea aparece no libro cuarto do *Códice Calixtino* por primeira vez”.

Sen dúbida, inspírase o *Calixtino* nas antigas crenzas europeas que situaban a Vía Láctea -‘o camiño de estrelas’ que cita o devandito texto-, que parece proxectarse en dirección este-oeste, como a senda das almas, unha senda que nese punto extremo unía a terra co ceo, o ceo coa terra. Non deixa o excepcional texto medieval marxe para a dúbida:

“A cantos -dise nel-, animados de bo desexo, van peregrinando onda Santiago á terra de Galicia, a outros tantos fai pasar do mar do mundo de Galilea ao lugar do Paraíso”.

En conclusión, **a natural visión do finis terrae como algo assumido polo cristianismo europeo** e compostelán como parte dunha cosmovisión única resúmema Bernard Darbord e César García citando ao profesor da Universidade de Murcia, Fernando Carmona:

“Asia é o continente do extraordinario, do marabiloso, do orixinal, do Oriente: é a terra da creación do home, do Paraíso terreal, de Adán e Eva. É o espazo mítico da Biblia, impregnado da señardade polo pasado. Ir a Occidente é ir encontrar como sedimentadas as orixes da fe. É [...] expiar os pecados, volver á virxindade dos primeiros tempos”.

Ou sexa, a viaxe -unha viaxe concreta-, longa e difícil, por suposto, como representación da viaxe do ser humano -a viaxe que a vida é- cara ao sagrado.





En 1999 concretaron de xeito maxistral o anterior, na súa relación co feito xacobeo, os expertos alemáns Klaus Herbers e Robert Plötz:

"O que o relacionaba todo para o peregrino a Santiago era o sepulcro do Apóstolo no remoto Occidente, no *finis terrae* do mundo daquela coñecido. Alí estaba o lugar que prometía grazas, que significaba unha ponte entre o ceo e a terra".

Como se observa, os dous autores integran Compostela e Fisterra como parte dun único espazo sagrado.

A viaxe continúa

O físico teórico británico Stephen Hawking estivo en Santiago en 2008 e 2014 e en ambas estancias visitou Fisterra. O científico máis famoso do noso tempo seica se emocionou en ambas ocasións, como recolleu na estancia en setembro de 2014 *La Voz de Galicia* citando palabras do tamén físico José Edelstein, da universidade compostelá.

"Díxenlle -menciona Edelstein- que tiña un sentido especial para alguén que simboliza a exploración dos confíns do Universo que recibira unha homenaxe en Fisterra, como así se lle realizou, alí no punto que algunha vez marcou tamén a fronteira do mundo coñecido".

Na asociación ourensá de Amigos do Camiño coñecen ben, xa que colaboraron con ela, o caso da familia norteamericana que peregrinou desde Texas, pasando por Ourense, para levar as cinzas da súa esposa e nai, a peregrina xacobea Luiza Karner, a Fisterra en maio de 2013. É un exemplo entre moitos. Será porque en Fisterra, onde todo terminaba,

segue terminando. E por iso, segue comezando.

A Igrexa do pasado así o asumiou. No Pórtico da Gloria compostelán o apóstolo Santiago intercede polo peregrino para levalo ante Xesús, a definitiva morada celestial. En Fisterra, á súa vez, o peregrino en viaxe materializaba a plenitude do espazo sagrado. Simbolicamente, Santiago guiaba as almas ao extremo, e alí, na enigmática igrexa de Santa María das Areas, agardaba por elas o Cristo da Resurrección, o da más grande festa fisterrá. Nunha das imaxes deste artigo vemos ao peregrino alemán Sebastian Ilsung rezando en Fisterra en 1466 ante as perdidas pegadas deste Cristo, segundo a miniatura que el mesmo recolle no seu revelador diario de peregrinación.

Polo tanto, as visións simplistas, retorcidas, pouco teñen que dicir aquí. **A mensaxe e tan cristiá como ecuménica, tan intemporal como irreductible a calquera ortodoxia ou heterodoxia.**

Sorprende cando na cidade de Santiago alguén nega Fisterra, xa sexa desde a Igrexa, xa desde determinados sectores. Sorprende, porque todo ilustra cara a confluencia de ambas realidades nunha única realidade. Sorprende, cando o fenómeno xacobeo é o que é grazas á forza dese misterio dual: apóstolo da fin do mundo -Compostela-, fin do mundo -cabo Fisterra-.

Custa entender que custe tanto entenderse, tanta enerxía perdida. Custa entender tanta negación onde a memoria ilumina con tanta rica e pacífica evidencia.

Manuel F. Rodríguez

XXV aniversario de Tardes de Primavera na Vía da Prata – Encontro coral das culturas no Camiño Mozárabe

O termo municipal de Silleda (Pontevedra) ten a fortuna e privilexio de contar con 20 km de trazado dun dos camiños de peregrinación a Santiago. Trátase do que procede de Sevilla e entra polo sudeste galego coas denominacións de Camiño Mozárabe ou Vía da Prata. O Concello fixo desde sempre un gran **esforzo por acoller aos peregrinos, para que se sentiran coma na súa casa**, e para iso na actualidade dispón dun albergue público na Bandeira e outros catro privados na vila de Silleda.

Durante os días 30 e 31 de maio de 2015, a Coral Polifónica Trasdeza de Silleda celebrou o 25 aniversario da súa fundación coa organización do Festival de Corais bautizado co nome de "Tardes de Primavera na Vía da Prata." O marco para esta ocasión foi, polas súas dimensións, o Auditorio da Semana Verde de Galicia, escenario en moitas ocasións doutras Tardes.

Tal e como indica o titular, **o Camiño Mozárabe foi a partitura, o pentagrama sobre o que se artellou este evento**. Como convidados, sendo fieis ao guión marcado, asistiron a Coral Aures Cantibus de Zamora e o Orfeón Ciudad de Plasencia da fermosa cidade cacereña. Foi un acto inesquecible. Como colofón, ao día seguinte, as tres corais participaron na Catedral de Santiago de Compostela cantando unha misa do peregrino convxuntamente.

Como devolución a esta invitación, a Coral Trasdeza desprazouse o pasado sete de maio do ano en curso a Plasencia para cantar e compartir sensacións na compañía do Orfeón, no incomparable marco do Parador da vila.

Cargado de momentos emotivos, cabe subliñar a petición dunha espectadora anónima, que anos antes fixera o Camiño pernoctando en Silleda, para que cantáramos unha cantiga en galego. Aínda que non estaba prevista ningunha no noso idioma, convidámola a subir ao escenario e dedicámoslle a que tiñamos más a man, "Os meus amores".

Cómpre destacar tamén a cartelería anunciadora do evento, que levaba por fondo unha foto do Mosteiro de Carboeiro, compartido co convento placentino, hoxe convertido nun excelente Parador de Turismo.





Non cabe dúbida de que **a través desta actividade musical no Camiño, os lazos entre os pobos estréitanse, fortalécense e**

as culturas das comunidades polas que se pasa enriquécense de maneira extraordinaria.

Nunca Silleda (Galicia) estivo tan cerca de Estremadura e agora, en outubro, de Castela e León a través do intercambio de canto coral en Zamora, na compañía do grupo Aures Cantibus. O fío condutor, o Camiño Mozárabe - Vía da Prata.

E é que cabería recitar, con alguma modificación, aquel poema de Machado que reza: "**Camiñante non hai camiño, faise camiño ao ... cantar.**"

Teño que rematar lembrando o último parágrafo do discurso da presentación, feito no ano 1989, de Juan Salgueiro, alcalde promotor desta familia cantora: "A coral Trasdeza responde á filosofía de ser unha única agrupación aberta a todos, identificada coa comarca onde nace e embaixadora do Concello ao que pertence.

Bo camiño para todos!!

Alfredo Abeledo Peñas
Concello de Silleda



El Camino de Santiago por León, pueblos del camino



Bajo este título, La 2 de TVE emitió la pasada primavera –dentro del programa La Aventura del Saber- una serie de reportajes sobre los pueblos leoneses de la ruta jacobea. En total han sido 8 los capítulos, que comenzaban con los municipios de Sahagún de Campos, Grajal de Campos y Calzada del Coto, y finalizaban con el dedicado a Camponaraya y Villafranca del Bierzo.

El objetivo de estas crónicas sobre los municipios jacobeos de esta provincia no era otro que **difundir y poner en valor estos núcleos cargados de historia, patrimonio y belleza**. Un recorrido de cultura y naturaleza, de experiencias y hospitalidad que se palpa en estos pueblos, gracias al enriquecimiento cultural, patrimonial y humano que les ha brindado su ubicación en esta importante ruta de peregrinación.

La globalización que hoy en día alcanza cualquier contenido informativo, ha hecho posible que

la belleza de las localidades leonesas más peregrinas haya podido verse por el Canal Internacional de TVE o que, si usted se los ha perdido, que **pueda volver a disfrutarlos en la web de esta cadena, que ofrece contenidos a la carta: www.rtve.es/alacarta**

Durante dos meses de emisión, este peregrinaje televisivo se ha detenido en los enclaves con mayor significación para el caminante, contando con las explicaciones de los respectivos alcaldes sobre la historia o el patrimonio jacobeo en cada uno de ellos. El último de los capítulos trató además de las **diferentes motivaciones para realizar el Camino de Santiago, que van desde el interés cultural y medio ambiental a la motivación experiencial**, como la que se puede llevar a cabo, por ejemplo, en Camponaraya en el ámbito de la enología y viticultura. El recorrido finalizó en Villafranca del Bierzo, uno de los enclaves jacobeos de mayor interés y una villa en la que se conservan valiosos vestigios de su importante historia.



Charlas a escolares para difundir el Camino

La Asociación de Amigos de la Vía Plata -Camino Mozárabe ha iniciado una actividad divulgativa con el fin de dar a conocer a los más pequeños los entresijos del Camino a Santiago de Compostela, por cualquiera de sus rutas oficialmente establecidas.

A través de ponencias informativas, los integrantes de esta asociación quieren fomentar la peregrinación y divulgar el camino mozárabe, que se puede comenzar en la capital ourensana para terminar en 4 etapas en Santiago y conseguir así la Compostela. En la exposición, los miembros de la entidad explican también otros detalles acerca del camino, ya en ámbitos como la historia, tradición, curiosidades o anécdotas...

Esta ilustrativa charla comienza con una introducción en la que se ubican los **lugares de peregrinación cristiana (Jerusalén, Roma y Santiago)** y el motivo de la peregrinación a este último: la aparición del sepulcro de Santiago el Mayor en Iria Flavia (Padrón).

A continuación, la explicación –apoyada siempre

en imágenes, mapas y vídeos- **se centra en los 8 caminos a Santiago que existen en Galicia:** la Vía Plata-Camino Mozárabe, el Camino de Invierno, el Primitivo, el Francés, el del Norte, el Inglés, el Camino de Fisterra a Santiago y el Portugués.

Otros muchos detalles completan esta exposición, como la comparativa del peregrino de la edad media con el de la actualidad, hablando de su indumentaria -capa o hábito- o de los accesorios que lo identifican -bastón, cantimplora o cabaciña, concha de vieira....-. **La Compostela y los requisitos para obtenerla, o las estadísticas de los peregrinos** llegados a Santiago en los últimos años cierran esta completa ilustración sobre los Caminos de Santiago.

La Asociación de Amigos de la Vía Plata – Camino Mozárabe quieren trasladar esta acción divulgativa a todas aquellas entidades o centros escolares que lo soliciten poniéndose en contacto con ellos a través del mail viaprataourense@ceo.es



Patrocinan:



Concello de
OURENSE

